

Á atención da alcaldía

José Enrique Oubiña Lago, con DNI 76870107J, domicilio a efectos de comunicacións en rúa Mimosas 17b,1ªa, en calidade de concelleiro no concello de Ribadumia e voceiro de Somos Ribadumia, expoño:

- **Entedemos, a pesares de que non se nos teña comunicado, que o equipo de goberno estará a estas alturas traballando na elaboración do orzamentos para o ano 2022.**
- **Tamén entendemos, a pesar de que non se nos teña comunicado nada a o respecto, nin ofrecido participar, que o equipo de goberno estará con disposición de ter en conta e valorar incluír todas aquelas propostas que cheguen dende as forzas políticas da oposición, no obxectivo de elaborar un documento inclusivo que poida ser aprobado por unanimidade.**

Por estes motivos achegamos:

- **Lista de partidas orzamentarias, en documento adxunto, que dende Somos Ribadumia consideramos que no documento orzamentario para o ano 2022 deberían incluírse ou, no seu caso, ser modificadas con respecto a anos anteriores.**

E Solicitamos:

- **Que se valore a inclusión destas propostas na elaboración do documento orzamentario do ano 2022.**
- **Que se abra un espazo e período de negociación do goberno con todas as forzas con representación municipal, no obxectivo de lograr a elaboración dun orzamento que poña de relevancia as posturas e obxectivos comúns, e permita alcanzar acordos que favorezan ao noso concello e ao conxunto da nosa veciñanza.**

José Enrique Oubiña Lago, voceiro de Somos Ribadumia.
01/12/2021.

PROPOSTAS ORZAMENTARIAS DE SOMOS RIBADUMIA PARA O ANO 2022.

Dende Somos Ribadumia asumimos a necesidade, que debería ser común ao actual equipo de goberno, de traballar para, sen deixar de lado as cuestións derivadas da covid-19 que neste ano 2022 aínda van estar presentes, en particular as relativas a cuestións de política social e a recuperación económica dos sectores máis afectados, plantexar os retos e as solucións para o correcto desenvolvemento do noso Concello, atendendo aos retos que nos son propios, como a loita contra a baixada de poboación, ou facer fronte aos compromisos do Pacto de Alcaldes polo Medio Ambiente, por nomear cuestións que estaremos de acordo en que son importantes. Estes obxectivos e outros nos que podemos concordar precisan de medidas concretas que axuden a avanzar na súa consecución e en xeral que redunden nunha mellora na calidade de vida da nosa veciñanza, no apoio aos diversos colectivos que compoñen o día a día do noso concello, clubs deportivos, entidades culturais e sociais, así como ao comercio e tecido empresarial, sen esquecer o turismo.

Con esta idea central como guía, propoñemos as seguintes medidas orzamentarias, elaboradas pensando na situación actual, pero tamén pensando no medio e longo prazo:

- **No correspondente a conciliación familiar e política social:**
 - 1) Partida para a dotación do plan madrugada, comedor escolar e escola de ocio nos centros dos CRAs.
 - 2) Aumento das partidas da escola de verán, para a súa ampliación a horario de tarde, e aos períodos non lectivos.
 - 3) Partida para a Remunicipalización da gardaría municipal.
 - 4) Aumento da partida para a ampliación dos horarios e calendario da piscina municipal.
 - 5) Partida para un plan de becas municipal.
 - 6) Mantemento e mellora das partidas destinada ao Mes da Diversidade e aos plans de loita contra a violencia de xénero.
 - 7) Partidas destinadas a afianzar os plans de colaboración co colexio na loita contra o bullying, ou formación en valores positivos.
 - 8) Recuperación da partida para o convenio con BATA ás cifras do ano 2019, e recuperación do convenio anual como mínimo nos termos do ano 2019.

- **No correspondente aos colectivos do municipio, así como a cultura e deporte:**
 - 9) Aumento das partidas para axudas as entidades deportivas, culturais e sociais.
 - 10) Mellora da partida para o convenio coa escola de música.
 - 11) Partida específica para eventos deportivos.

- 12) Partida para o establecemento dunha axenda cultural das parroquias e mellora na calidade e na variedade da oferta teatral do auditorio.
- **No correspondente a promoción económica, emprego e turismo:**
 - 13) Partida para xestionar a apertura dunha oficina municipal de información ao consumidor (OMIC).
 - 14) Partida para un plan de incentivos do consumo no comercio local e campañas promocionais.
 - 15) Partida para a creación dun viveiro de empresas.
 - 16) Aumento da partida destinada alumeado e campañas de nadal e entroido.
 - 17) Partida para a creación dunha área de autocaravanas.
 - 18) Aumentar as partidas destinadas a oficina de turismo para mantela aberta todo o ano.
 - 19) Partidas para a renovación e dotación de paneis informativos nas sendas fluviais do Concello, así como nos puntos de interese turístico.

 - **No correspondente a urbanismo , servizos e medioambiente:**
 - 20) Partidas para a dotación de auga nas zonas pendentes, así como para a resolucións das conexións de saneamento pendentes pola súa dificultade técnica.
 - 21) Partida para a análise completa da rede de saneamento e pluviais, e resolución dos problemas de conexión, filtracións, etc.
 - 22) Partida para completar a renovación do alumeado de baixo consumo nas instalacións municipais.
 - 23) Partida para dotación dunhas instalacións adecuadas e con todos os servizos básicos a Protección Civil.
 - 24) Partida para levar a cabo a eliminación de semáforos no centro de Barrantes e a dotación doutras medidas de calmado de tráfico e outras melloras na seguridade viaria.
 - 25) Partidas para habilitar zonas de “skate” e deportes urbanos en Barrantes.
 - 26) Partida para a apertura da rúa Ramón Cabanillas.
 - 27) Partida para o estudio de modificación do PXOM, para aumentar o numero de polígonos edificables en Barrantes.
 - 28) Aumentar as partidas destinadas ao punto limpo para poder mellorar a súa lamentable situación e aumentar o horario de atención ao público.
 - 29) Partida para a posta en marcha dun plan específico para o tratamento dos RSU do centro de Barrantes, e da compostaxe no rural.
 - 30) Partida para a instalación de sinalética informativa nas fontes públicas.

Moitas destas partidas son coincidentes coas propostas en anos anteriores, pois consideramos que moitos dos retos e necesidades seguen manténdose, ante o cal defendemos o noso modelo de Concello. Pero por suposto non son propostas inamovibles. Como sempre apostamos polo diálogo e por superar as diferenzas de carácter político en favor do ben común, polo que estamos en total disposición de sentarnos a falar sobre estas medidas ou outras que o equipo de goberno considere co obxectivo de elaborar un documento orzamentario que signifique mellorar a calidade de vida das persoas que viven no noso concello, e avanzar nos obxectivos arriba ditos.

Comisión Executiva de Somos Ribadumia.

01/12/2019